Acta da sesión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, do día 3 de xullo de 2024

[RRC/MSGN]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, o día 3 de xullo de 2024, ás 10:35 horas, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:

Julio García Comesaña
(Presidente)
Roberto Rodríguez Martínez
(Vicepresidente)
Paloma Castro Rey
(Secretaria)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Juan Manuel Casares Gándara
(en substitución de Paula Mouzo Mas)
Jesús María Fernández Rosende
(en substitución de José Alberto Pazos Couñago)
Argimiro Marnotes Fernández
Paula Prado del Río
Pablo Javier Prieto Perille
Ángel Rodríguez Conde
(en substitución de María Felisa Rodríguez Carrera)
Katherinie Varela Fernández

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Óscar Insua Lema
Paulo Ríos Santomé
(en substitución de María Cristina Fernández Davila)
Iago Suárez Fernández
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Iria Taibo Corsanego

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

Outros intervenientes:
Lara Méndez López
Comparecente:
Director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea
Letrada:
Raquel Rodríguez Carro

PARLAMENTO DE GALICIA

O presidente abre a sesión e rógalle á secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución.

Logo da constatación deste, a Presidencia dá conta da entrada no Rexistro dos documentos números 6537 e 6538, polos que a Xunta de Galicia solicita o aprazamento das preguntas números 2124 (2.2) e 4751 (2.3), aprazamentos que se aceptan por asentimento.

2.2 2124 (12/POC-000352)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia
Sobre o traballo que está a facer e o que prevé impulsar o Goberno galego na loita contra a LGTBIfobia no mundo do deporte
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 21f2, do 03.05.2024

Aprazada por iniciativa da Xunta de Galicia (documento número 6537).

2.3 4751 (12/POC-000675)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e 2 máis
Sobre as previsións que ten o Goberno galego respecto da asunción en 2024 das recomendacións do Consello de Contas incluídas no informe de fiscalización da Conta Xeral do Sergas de 2022
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 31f4, do 29.05.2024

Aprazada por iniciativa da Xunta de Galicia (documento número 6538).

Punto 1. Elección da Vicepresidencia da Comisión
(12/CEEM-000027)

O presidente comunica que, estando vacante a Vicepresidencia desta Comisión, procédese á súa elección mediante votación nominal. Lémbralles ás súas señorías que deben escribir un só nome na papeleta e que o chamamento se efectuará por orde alfabética do primeiro apelido. Resultará elixido Vicepresidente ou Vicepresidenta quen obteña un maior número de votos.

Logo da distribución das papeletas para realizar a votación, o presidente solicita da secretaria da Comisión que inicie o chamamento. Unha vez rematada a votación, o resultado do escrutinio é o seguinte:

PARLAMENTO DE GALICIA

Roberto Rodríguez Martínez..... 9 votos
En branco ..... 8 votos
Nulos ..... 0 votos
Total de votos emitidos ..... 17 votos

En consecuencia, resulta elixido **vicepresidente** da Comisión, **Roberto Rodríguez Martínez, do G.P. Popular de Galicia**, quen pasa a ocupar neste intre o seu posto na Mesa da Comisión.

O presidente ocupa un escano co seu grupo parlamentario e pasa a desempeñar as súas funcións o vicepresidente.

Punto 2. Preguntas

2.1 1238 (12/POC-000187)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 7 máis
Sobre a actividade que desenvolve a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (GNP-AECT) e o balance que fai o Goberno galego despois do encontro na cidade de Vigo de todas as AECT ibéricas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 13f2, do 18.04.2024

O presidente en función concédelle a palabra ao **señor García Comesaña, Julio (P),** que procede á formulación das cuestións que figuran na iniciativa e que aparecen publicadas no Boletín anteriormente citado.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o **director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea (Vicepresidencia segunda e Consellería da Presidencia, Xustiza e Deportes), Jesús Gamallo Aller.**

En rolda de réplica o **señor García Comesaña, Julio (P),** agradece a información recibida que comenta brevemente.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención do **director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea.**

O presidente en funcións agradece a presenza do director xeral nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia se desexa retirarse para atender outras obrigas.

O señor García Comesaña incorpórase ao seu posto na Mesa da Comisión.

PARLAMENTO DE GALICIA

Punto 3. Proposicións non de lei

3.1 1547 (12/PNC-000181)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Taibo Corsanego, Iria e 3 máis
Sobre as medidas que debe desenvolver a Xunta de Galicia para dinamizar o uso da lingua galega na Administración de xustiza
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 12f2, do 17.04.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de modificación por parte do G.P. dos Socialistas de Galicia, (doc. núm. 6565), da que obvia a súa lectura dado que se repartiu copia aos distintos portavoces. *(Achégase a esta acta como anexo copia do citado documento).*

Deseguido a **señora Taibo Corsanego, Iria (BNG)**, expón os motivos que xustifican a presentación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén a **señora Castro Rey, Paloma (S)**, para explicar o sentido da emenda presentada polo seu grupo e defender a importancia da súa aceptación.

Aberta a rolda de grupos parlamentarios non emendantes, toma a palabra en primeiro lugar o **señor Ojea Bouzo, Armando (M),** para manifestarse a favor da iniciativa.

Na mesma rolda a **señora Varela Fernández, Katherinie (P),** tras amosar diversas discrepancias cos argumentos expostos polos voceiros que o precederon no uso da palabra, defende a postura da Xunta de Galicia e anuncia o voto en contra da proposta.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda defendida a **señora Taibo Corsanego, Iria (BNG),** amosa o seu desacordo coas argumentacións expostas pola voceira do grupo maioritario e acepta a emenda de modificación do G.P. dos Socialistas de Galicia suprimindo no punto 2 da mesma "En base ao anterior ...".

3.2 5848 (12/PNC-000703)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Suárez Fernández, Iago e Insua Lema, Óscar
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de construír un novo campo de fútbol no concello de Chantada
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 43f1, do 26.06.2024

PARLAMENTO DE GALICIA

Intervén o **señor Suárez Fernández, Iago (BNG),** quen procede á defensa e formulación desta proposición non de lei con ampliación das argumentacións expresadas por escrito e publicadas no Boletín anteriormente citado.

Auséntase da sala a señora Iglesias Rey, Patricia e incorpórase a señora Méndez López, Lara.

A esta iniciativa presentouse unha emenda de substitución por parte do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 6568), polo que, aberta a rolda do grupo parlamentario emendante, intervén para a súa defensa o **señor Prieto Perille, Pablo Javier (P).**

Na rolda de grupos parlamentarios non emendantes, o voceiro do G.P. Mixto declina intervir, e toma a palabra a **señora Méndez López, Lara (S)**, para motivar o posicionamento do seu grupo a favor da proposta de referencia.

Na rolda de puntualizacións o **señor Suárez Fernández, Iago (BNG),** comenta as anteriores intervencións e sinala que acepta a emenda de substitución presentada.

3.3 5915 (12/PNC-000712)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 7 máis
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que actualice o Plan especial de protección civil fronte ao risco sísmico en Galicia (Sismigal)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 43f1, do 26.06.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas, unha de adición por parte do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 6566) e outra de substitución por parte do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, (doc. núm. 6571), das que obvia a súa lectura dado que se repartiu copia aos distintos portavoces. *(Achégase a esta acta como anexo copias dos citados documentos).*

Auséntase da sala a señora Méndez López, Lara e incorpórase a señora Iglesias Rey, Patricia.

O **señor Rodríguez Conde, Ángel (P),** dá conta das razóns que levaron ao seu grupo á presentación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados por escrito no Boletín Oficial do Parlamento.

Na rolda de grupos parlamentarios emendantes, intervén en primeiro lugar a **señora Castro Rey, Paloma (S),** para explicar o sentido da súa emenda que agarda sexa tida en conta.

PARLAMENTO DE GALICIA

Nesta mesma rolda intervén o **señor Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago (BNG),** quen, logo de expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada, defende a aceptación da emenda presentada polo seu grupo.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre as emendas defendidas, o **señor Rodríguez Conde, Ángel (P),** tras manifestar diversas consideracións a respecto das anteriores intervencións, expón as razóns polas que non vai aceptar ningunha das dúas emendas.

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei, pola orde na que figuran na convocatoria:

3.1 1547 (11/PNC-000181), do **G.P. do Bloque Nacionalista Galego.** Sométese a votación o texto da emenda do G.P. dos Socialistas de Galicia (número 6565), coa corrección que detallada anteriormente. Resulta **rexeitada** por:

Votos a favor:..... 8
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

3.2 5848 (11/PNC-000703), do **G.P. do Bloque Nacionalista Galego.** Sométese a votación o texto da emenda do G.P. Popular de Galicia (número 6568). Resulta **aprobado pola unanimidade dos 17 deputados e deputadas** con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Concello de Chantada para:
1º. Redactar unha memoria valorativa e xustificativa da necesidade de dispoñer dun novo campo de fútbol no municipio.
2º. Realizar un estudo para elixir o lugar idóneo para a construción desta infraestrutura deportiva.
3º. No caso de que se acredite a necesidade e se dispoña do terreo axeitado, buscar un acordo con outras administracións que permita cofinanciar a partes iguais a execución das obras entre a Xunta de Galicia, a Deputación Provincial e o propio concello.»

3.3 5915 (11/PNC-000712), do **G.P. Popular de Galicia.** Sométese a votación o texto resolutivo orixinal que resulta **aprobado pola unanimidade dos 17 deputados e deputadas** con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

PARLAMENTO DE GALICIA

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a actualizar o Plan especial de Protección Civil fronte a riscos sísmicos na Comunidade Autónoma de Galicia (Sismigal).»

Non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia deséxalles a todos un bo verán e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 12.40 horas.

Julio García Comesaña

Firmado digitalmente por Julio García Comesaña
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Julio García Comesaña, email=julio.garcia.comesana@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.10.24 10:58:35 +02'00'

Vº e pª
Julio García Comesaña
Presidente da Comisión

Paloma Castro Rey

Firmado digitalmente por Paloma Castro Rey
Fecha: 2024.10.24 10:44:29 +02'00'

Paloma Castro Rey
Secretaria da Comisión